

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de novembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catorce de novembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1504).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 31 de outubro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1505).- PRESTACIÓN DO SERVIZO AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs. 23/1041, 21/1325, 03/399/301, 03/581/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Fernando Davila Conde. Expte. 21/67.

- D^a. Herminia Penín Fernández. Expte. 21/1325.
- D^a. María Martínez Martínez. Expte. 03/399/301.
- D^a. Victoria Barros Argibay. Expte. 03/581/301.

3(1506).- PRÉSTAMO DE FOTOGRAFÍAS DA COLECCIÓN FOTOGRÁFICA DO CONCELLO DE VIGO AO MARCO PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 9217/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 02.11.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar ao MARCO-Museo de Arte Contemporánea de Vigo a expoñer 35 fotografías da Colección fotográfica do Concello de Vigo, que se detallan en Anexo, na exposición “Un mar de fotos na Colección Fotográfica do Concello de Vigo”, que terá lugar na sala perimetral do primeiro andar do Museo do 11 de novembro ao 11 de decembro de 2005.

2º.- O préstamo das fotografías da colección Fotográfica do Concello de Vigo ao Marco-Museo de Arte Contemporánea de Vigo realízase de acordo coas seguintes condicións:

- 2.1 Gastos.- O MARCO é a entidade beneficiaria do préstamo que asumirá tódolos gastos de produción da exposición: traslados dos fondos fotográficos, seguro (de acordo cos valores das obras establecidos na catalogación realizada no seu día polo propio Museo), montaxe-desmontaxe, vixilancia, preparación das salas, etc.
- 2.2 Seguimento do tratamento de fondos.- O control dos movementos dos fondos asignase ao MARCO, que designará un responsable técnico para o seu seguimento e tratamento, supervisar os labores de rexistro, de condicións da montaxe, exhibición, desmontaxe, transporte, etc.
- 2.3 Seguro.- A modalidade de seguro será a de “cravo a cravo”, é dicir, dende a data de traslado dende o depósito (ou de comezo da embalaxe) das obras no MARCO ata a devolución no mesmo lugar (ou remate da desembalaxe). O Concello de Vigo será o beneficiario da póliza.
- 2.4 Dereitos de autor.- O préstamo dos fondos realízase sen prexuízo dos dereitos de autor que precise obter e xestionar a entidade beneficiaria do préstamo, para reproducións en publicacións, exhibición ou calquera outra obriga que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual.
- 2.5 Publicidade e difusión.- Na difusión que se realice da exposición, así como no catálogo ou outros elementos que se editen, as imaxes indicadas referirán as obras prestadas como “Colección Fotográfica do Concello de Vigo” (ademais dos datos de autoría, técnicos, etc. que correspondan). Na difusión da exposición deberá facerse constar cos correspondentes anagramas e logotipos a colaboración do Concello de Vigo e de Vig05.

ANEXO ÚNICO.

RELACIÓN DE OBRAS DO PRÉSTAMO ÁO MARCO-Museo de Arte Contemporánea de Vigo PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL “UN MAR DE FOTOS na Colección fotográfica do Concello de Vigo”
(Inauguración: 11 de novembro de 2005. Clausura: 11 de decembro de 2005)

TOTAL: 35 obras fotográficas

- 1.- 24/VV36/PH/02.16/86. Paul den Hollander. Sen título, 1986. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21 x 31.2 cm. Valor para el seguro: 700 €
- 2.- 25/VV37/PH/03.16/86. Paul den Hollander. Sen título, 1986. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21 x 31.2 cm. Valor para el seguro: 700 €
- 3.- 37/VV49/PH/15.16/86. Paul den Hollander. Sen título, 1986. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21 x 31.2 cm. Valor para el seguro: 700 €
- 4.- 099/VV213/CR/07.10/88. Cristina García Rodero. Sen título, 1987. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 24 x 35.8 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 5.- 098/VV212/CR/06.10/88. Cristina García Rodero. Sen título, 1987. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 23.6 x 35.7 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 6.- 101/VV215/CR/09.10/88. Cristina García Rodero. Sen título, 1987. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 23.6 x 35.6 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 7.- 105/VV216/XL/03.11/88. Xurxo Lobato. Sen título, 1988. Fotografía a cor. Cibachrome. 19.5 x 29.5 cm. Valor para el seguro: 700 €
- 8.- 110/VV224/XL/08.11/88. Xurxo Lobato . Sen título, 1988. Fotografía a cor. Cibachrome. 29.7 x 20.2 cm. Valor para el seguro: 700 €
- 9.- 113/VV227/XL/11.11/88. Xurxo Lobato. Sen título, 1988. Fotografía a cor. Cibachrome. 19.5 x 29.5 cm. Valor para el seguro: 700 €
- 10.- 116/VV230/SS/03.10/88. Sebastião Salgado. Sen título, 1988. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 23 x 34.5 cm. Valor para el seguro: 2500 €
- 11.- 119/VV233/SS/06.10/88. Sebastião Salgado. Sen título, 1988. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 23.1 x 31.5 cm . Valor para el seguro: 2500 €
- 12.- 121/VV235/SS/08.10/88. Sebastião Salgado. Sen título, 1988. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 23 x 34.5 cm. Valor para el seguro: 2500 €
- 13.- 146/VV323/GB/06.15/90. Gabriele Basilico. Sen título, 1990. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 18.5 x 38 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 14.- 148/VV325/GB/08.15/90. Gabriele Basilico. Sen título, 1990. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 18.5 x 38 cm Valor para el seguro: 2000 €
- 15.- 155/VV332/GB/15.15/90. Gabriele Basilico. Sen título, 1990. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 18.5 x 38 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 16.- 187/VV475/XC/12.10/92. Xulio Correa. Sen título, 1992. Fotografía a cor. Copia tipo C 28 x 38 cm. Valor para el seguro: 1500 €
- 17.- 190/VV478/XC/05.10/92. Xulio Correa. Sen título, 1992. Fotografía a cor. Copia tipo C 28 x 38 cm. Valor para el seguro: 1500 €
- 18.- 192/VV480/XC/07.10/92. Xulio Correa. Sen título, 1992. Fotografía a cor. Copia tipo C 28 x 50 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 19.- 236/VV524/AS/03.10/92. Allan Sekula. Mensaxe nunha Botella, 1992. Fotografía a cor. Cibachrome. 59.7 x 39.7 cm . Valor para el seguro: 2000 €
- 20.- 237/VV525/AS/04.10/92. Allan Sekula. Mensaxe nunha Botella, 1992. Fotografía a cor. Cibachrome. 59.5 x 39.7 cm . Valor para el seguro: 2000 €
- 21.- 238/VV526/AS/05.10/92. Allan Sekula. Mensaxe nunha Botella, 1992. Fotografía a cor. Cibachrome. 39.7 x

- 59.7 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 22.- 247/VV567/JK/04.12/94. John Kippin. Sen título, 1994. Fotografía a cor. Copia tipo C 80 x 102 cm . Valor para el seguro: 2000 €
- 23.- 248/VV568/JK/05.12/94. John Kippin. Sen título, 1994. Fotografía a cor. Copia tipo C 80 x 102 cm . Valor para el seguro: 2000 €
- 24.- 252/VV272/JK/09.12/94. John Kippin. Sen título, 1994. Fotografía a cor. Copia tipo C 46.7 x 68.8 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 25.- 273/VV593/SM/01.08/94. Susan Meiselas. Sen título, 1994. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 18.5 x 46.7 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 26.- 276/VV596/SM/04.08/94. Susan Meiselas. Sen título, 1994. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 18.5 x 46.7 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 27.- 280/VV600/SM/08.08/94. Susan Meiselas. Sen título, 1994. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 18.5 x 46.7 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 28.- 257/VV577/RO/02.03/94. Ron o'Donnell. Sen título, 1994. Fotografía a cor. Copia tipo C. 79.5 x 101.6 cm. Valor para el seguro: 4000 €
- 29.- 262/VV582/JS/02.12/94. Joel Sternfeld. Sen título, 1994. Fotografía a cor. Copia tipo C. 40 x 50.5 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 30.- 264/VV584/JS/04.12/94. Joel Sternfeld. Sen título, 1994. Fotografía a cor. Copia tipo C. 40 x 50.5 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 31.- 265/VV585/JS/05.12/94. Joel Sternfeld. Sen título, 1994. Fotografía a cor. Copia tipo C. 40 x 50.5 cm. Valor para el seguro: 2000 €
- 32.- 042/FF113/ALL/01.63/SF. Archivo Llanos. Despedida reximento de Vigo partindo para África, sen data. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 29.7 x 39.8 cm. Valor para el seguro: 600 €
- 33.- 050/FF121/ALL/09.63/10. Archivo Llanos. O Berbés, ca. 1910. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 29.7 x 39.8 cm. Valor para el seguro: 600 €
- 34.- 055/FF126/ALL/14.63/22. Archivo Llanos. Regata de traineras, ca. 1922. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 28.8 x 39 cm. Valor para el seguro: 600 €
- 35.- 064/FF135/ALL/23.63/25. Archivo Llanos. Submarino Isaac Peral, ca. 1925. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 29 x 39 cm. Valor para el seguro: 600 €

4(1507).- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA O PROGRAMA “ESCOLA OBRADOIRO MAR DE VIGO III”. EXPTE. 3001/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 09.11.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento, que di o seguinte:

O proxecto denominado Escola Obradoiro "Mar de Vigo 3", concibido como continuidade dos proxectos de escola obradoiro “Mar de Vigo” e “Mar de Vigo 2”, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 7 de febreiro de 2005, foi presentado á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia o 15 de febreiro de 2005.

Con data 09/11/05 a Delegación provincial da Consellería de Traballo remite, por fax, Resolución aprobatoria de data 9 de novembro de 2005, concedendo subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado “Escola Obradoiro Mar de Vigo 3”. As características básicas do proxecto aprobado son:

Denominación: Escola Obradoiro “Mar de Vigo 3”

Duración: 18 meses

Data prevista de inicio: 30 de decembro de 2005

Nº total de alumnos: 35

Por especialidades:

Carpintería de ribeira	12
Novas técnicas de construción naval	12
Actividades náuticas	11

Subvención concedida pola Xunta de Galicia: 613.724,65 euros

Obxectivos da actuación: Actuacións sobre dous eixos relacionados coas actividades marítimas: a construción naval (recuperando embarcacións e oficios tradicionais, así como capacitando nas novas técnicas empregadas na construción naval) e as actividades náuticas (potenciando actividades de ocio centradas no ámbito marítimo e capacitando a novos profesionais en actividades náuticas).

Ubicación da Escola:

Aulas, talleres e despachos: Nave alugada polo Concello de Vigo, na Estrada do Vao nº 151.

Por parte deste Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego se están a efectuar as xestións oportunas para a posta en marcha do proxecto: ofertas xenéricas ao Servizo Público de Emprego e anuncio en prensa, no relativo á selección do persoal da Escola, expediente de xeración de crédito diante da Oficina de Intervención Xeral e optimización das instalacións para a posta en marcha.

O que se comunica á Excma. Corporación Municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do precedente informe.:

5(1508).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 36.000 EUROS A FAVOR DA EMPRESA QUALITY INFORMATION SYSTEM EN RELACIÓN CO SISTEMA MÓBIL DE IDENTIFICACIÓN DE VEHÍCULOS. EXPTE. 71113/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, do 27.10.05, que di o seguinte:

En data 27 de xuño de 2005 a Xefa de Seguridade e Transportes co conforme do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade elabora a seguinte memoria:

- En data 17 de novembro de 2004 o Xefe de Area de Mobilidade e Seguridade informa da necesidade de buscar solucións urxentes á problemática dos aparcamentos irregulares que ocasionan problemas de circulación e debido ás limitacións policiais para afrontar o problema formula a conveniencia de adquirir un

vehículo dotado dun sistema informático e lector de matrículas. O equipo ten un custo aproximado de 36.000 € ao que hai que engadir o custo do vehículo.

Para tal adquisición non existe partida orzamentaria.

- Negociando con CITROEN, conseguiuase a donación dun vehículo C2 sen custo algún para o Concello.
- En data 2 de decembro de 2004 o Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade informa que, despois de dar conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento, esta Concellería decidiu adquirir o equipo indicado pola contía de 36.000 € e que se axilice ao máximo a súa adquisición e o traslado do vehículo donado por CITROEN, C2, para a súa rotulación e instalación do sistema e que, con posterioridade, incluíndo a partida necesaria nos orzamentos correspondentes ao ano 2005 (partida 2222 6240002) SISTEMA MÓBIL DE IDENTIFICACIÓN DE VEHÍCULOS, se buscará a fórmula para proceder ao pagamento da correspondente factura.
- En data 4 de xaneiro de 2005 foi presentado o vehículo VISION CAR.
- En data 14 de xuño de 2005 QUALITY INFORMATION SYSTEMS presenta no Rexistro Xeral do Concello as seguintes facturas:
 - Factura nº 2005.273, (doc. 50128784), referente ao subministro e enxeñería do sistema móbil básico de identificación de vehículos, por importe de 12.125 €
 - Factura nº 2005.274, (doc. 50128786), referente ao sistema de localización geográfica de vehículos, por importe de 12.000 €.
 - Factura nº 2.005.275, (doc. 50128781), referente á instalación, cableado e montaxe de sistema electrónico de lectura de matrículas, por un importe de 11.875 EUROS.

Ditas facturas están debidamente conformadas polo Xefe da Policía Local e co visto e praxe do Concelleiro-delegado, D. Antonio Coello Bufill.

Polo exposto considérase que procede a indemnización substitutiva a favor da empresa QUALITY INFORMATION SYSTEMS pola instalación do sistema informático e lector de matrículas no vehículo C2”.

En data 7 de outubro de 2005 o Interventor Xeral informa que procede a declaración de nulidade da adquisición realizada á empresa QUALITY INFORMATION SYSTEMS e a indemnización substitutiva a favor de QUALITY INFORMATION SYSTEMS, por un importe total de 36.000 EUROS.

Polo exposto sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

- 1.-Declarar a nulidade da adquisición realizada á empresa QUALITY INFORMATION SYSTEMS.
- 2.-Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa QUALITY INFORMATION SYSTEMS, por un importe total de 36.000 EUROS, con cargo á partida 2222.6240002 (Sistema móbil de identificación de vehículos).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1509).- RECUPERACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO OCUPADO POLA INSTALACIÓN DUN QUIOSCO NA BEIRARRÚA NA RÚA ALFONSO XIII. EXPTE. 71631/210/05.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 09.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

A Policía Local informa en data 2 de novembro de 2005 que personados na rúa Alfonso XIII, nº 1, no quiosco que se atopa na beirarrúa, requiriron á propiedade Dª Teresa Vila Lorenzo, con DNI 35.922.326-Y para que presentara a preceptiva licenza de actividade no departamento de Seguridade, ao non dispoñer nela no local.

Con data de onte compareceu a interesada Dª Teresa Vila Lorenzo neste Departamento manifestando que non dispón da preceptiva licenza de actividade

Con data de hoxe o Departamento de Patrimonio informa que non dispón da preceptiva licenza de actividade nin de autorización de ocupación de vía pública.

Considerando que de conformidade co disposto no art. 70 do vixente Regulamento de bens das entidades locais de data 13 de xuño de 1986, a administración poderá en calquer momento recuperar a posesión do dominio público ocupado ilegalmente.

Polo exposto fórmase a seguinte proposta:

- Iniciar expediente de recuperación de dominio público ocupado ilegalmente e carecendo da preceptiva licenza municipal por Dª Teresa Vila Lorenzo, con DNI 35.922.326 -Y, coa instalación dun quiosco na beirarrúa na rúa Alfonso XIII, nº 1.

- Conceder a Dª Teresa Vila Lorenzo trámite de audiencia durante un prazo de 10 días hábiles contados a partir da recepción da presente notificación para que formulen as alegacións que estimen pertinentes ao seu dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1510).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A A.V.C.D. MONTE DA MINA DE CASTRELOS PARA A CREACIÓN DE VIVEIRO DE ASOCIACIÓN. EXPTE. 812/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 10.10.05, e de acordo co informe-proposta do xede de Participación e Atención Cidadá, do 04.10.05, conformado polo interventor xeral e pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración de que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a A.V.C. e D. "Monte da Mina" para o fomento das actividades de fomento da

participación cidadá e das actividades de ocio e lecer, a través da creación cun viveiro de asociacións nos seus locais.

2º.- Facultar a Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar os gastos de 4.500,00 € con cargo a partida 4631 2270602 dos orzamentos correspondentes ó ano 2005 e de 4.500,00 € con cargo a partida 4631 2270602 dos orzamentos correspondentes ó ano 2006 de Relacións Cidadás.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA “MONTE DA MINA” DE CASTRELOS, PARA A CREACIÓN DUN VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS.

En Vigo, de de dous mil cinco.

REUNIDOS

Dunha parte, Dª Marta Iglesias Bueno, na súa calidade de Delegada de Goberno da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P-3605700), nomeada por decreto da Alcaldía da data 21 de febreiro de 2005 e con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo

E doutra parte, Dª Elena Argibay Benavides, en calidade de Presidenta da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos (CIF G-36623593) e enderezo en Monte da Mina, 16, Castrelos-Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica suficiente e poder para asinar este Convenio, asumindo as responsabilidades de todo tipo que se deriven, e, a tal efecto

EXPOÑEN

Que, no marco da colaboración entre o Concello de Vigo e os representantes veciñais e, concretamente entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de continuar con esta colaboración plasmada en anteriores proxectos e convenios de colaboración específicos, de interese para o conxunto dos cidadáns da nosa cidade.

Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá está recibindo múltiples solicitudes de distintas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunión e actividades. A carencia de locais municipais adecuados ás súas necesidades e cos espazos suficientes provoca que estas se atopen imposibilitadas para levar a cabo os seus fins e obxectivos, o que precisa da creación de distintos viveiros de asociacións a repartir no termo municipal.

Que, para levar adiante este proxecto de apoio ó tecido asociativo, o Concello de Vigo ten a necesidade dunha infraestrutura básica que faga posible a súa instalación e posterior desenvolvemento. O lugar idóneo, a tenor dos espazos ofertados é parte das instalacións no edificio que a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos ten no Monte da Mina, 16-Castrelos.

Para a concreción da colaboración que este convenio establece, as partes asinantes acordan establecer as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre ambas as dúas entidades no relativo á posta en marcha dun Viveiro de Asociacións na Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos.

Segunda.- Disponibilidade dos espazos.

Para facer posible a posta en funcionamento do Viveiro de Asociacións, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos pon a disposición do Concello de Vigo espazos situados na planta 1ª e semisoto 1º da Asociación que se relacionan e se detallan en anexo aparte:

Planta 1ª		
Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas *	14,60 x 7,40	108,04 M2
Sala de xuntas *	5,45 x 5,80	31,61 M2

Semisoto 1º		
Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 M2
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 M2
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 M2
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 M2
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 M2
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 M2
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 M2
Núm 8/9 *	11,75 x 5,40	63,45 M2

Terceira.- Cesión dos espazos.

A utilización dos locais 1 a 7 da planta baixa, farase en réxime de exclusividade, namentres que a utilización das Salas de Lecturas e Xuntas da primeira planta e Semisoto 1º estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións, á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” para a realización de eventos e actos públicos propios das súa actividade.

Cuarta.- Conformidade do proxecto

A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos é coñecedora do proxecto e dos planos para a instalación e posta en marcha do Viveiro de Asociacións na superficie anteriormente descrita do edificio da mesma, situado en Monte da Mina, 16 de Castrelos.

A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos dá a súa conformidade ó proxecto e á utilización das superficies descritas na cláusula segunda e condición da cláusula terceira.

* Local en réxime compartido

*

Quinta.- Dotación económica

En compensación á cesión das superficies anteriormente descritas polo tempo especificado na cláusula novena, o Concello de Vigo abonará á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos a cantidade de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €) con cargo á partida 463.1.227.06.02 do orzamento municipal.

Sexta.- Aboamento

O aboamento deste convenio farase do seguinte xeito:

- O 50 % (4.500,00 €) á sinatura do convenio.
- O segundo e derradeiro pago polo importe do 50 % restante (4.500,00 €) á finalización do convenio, previa certificación do Técnico da Concellería de Participación Cidadá, respecto do cumprimento da cesión de espazos indicados no convenio.

Sétima.- Causas de extinción.

Se considerará causa de extinción deste convenio o cambio polo Concello de Vigo de destino para outra actividade distinta que non sexa a pactada.

Oitava.- Mantemento e gastos das instalacións.

O mantemento das instalacións e os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidas polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións, previo requirimento e xustificación dos mesmos por parte da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos. O porcentaxe de participación de cada unha será establecida pola Comisión de seguimento na súa primeira reunión.

Novena.- Vixencia

Este convenio terá unha duración dun ano. É dicir, do 1 de outubro do 2005 ata o 30 de setembro do 2006, sen prexuízo da súa resolución anticipada polo incumprimento do pactado, por cesamento da actividade no Viveiro de Asociacións, ou por un cambio de emprazamento.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais tras a solicitude de prorroga da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" na que xunto coa memoria das actividades das asociacións compoñentes do Viveiro, incluíran un informe das actividades desenvolvidas nos locais de uso en réxime compartido; e acordo dos órganos competentes de ambas as dúas entidades. Os gastos subordinaranse a existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos do Concello de Vigo.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de tres anos.

Décima.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por:

a) Representantes do Concello de Vigo.

Concelleira de Participación Cidadá que actuará como Presidenta da Comisión.

Xefe de Participación e Atención Cidadá,

b) *Representantes da A.V.C. e D. "Monte da Mina":*

Presidenta asociación.

Secretario da asociacións que actuará como secretario da comisión.

c) *Viveiro de asociacións:*

Un representante de cada unha das asociacións.

Estando da acordo ámbalas dúas partes e como proba de conformidade con expresado no presente convenio, asínano por cuadriplicado o presente convenio

8(1511).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E IMPERMEABILIZACIÓN DA PRAZA PÚBLICA "ALBA PLENA" EN AVDA. DAS CAMELIAS. EXPTE. 71/443.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 11.07.05 acorda aprobar o expediente para a contratación do proxecto de reparación e impermeabilización da praza Alba Plena na avda. Camelias.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 19.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no BOP nº59 e no DOG nº 160 de datas 19 e 22 de agosto respectivamente do presente ano, presentaronse as seguintes proposicións: 1) Belypa Construcciones S.L., 2) Construcciones Casas Novas S.L., 3) Narom Transportes y Construcciones S.L., 4) Movex Vial e 5) Gaos Contratas y Construcciones S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 26.09.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas á oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras para informe, que foi emitido polo aparelador municipal, Sr. Carrera Mouriño, con data 4.10.05, propoñendo como adxudicataria á empresa Gaos- Contratas y Construcciones S.L.

En sesión do 24.10.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a "Gaos, Contratas y Construcciones, S.L. a execución das obras de reparación e impermeabilización da praza pública "Alba Plena" por un importe de 147.239,21 euros, un prazo de garantía de 48 meses, un prazo de execución de 6 semanas e cunhas melloras ofertadas de 16.090 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11.07.2005 e a oferta presentada.

9(1512).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS AUTOBOMBAS URBANAS LIXEIRAS. EXPTE. 362/213.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 6.06.05 acorda aprobar o expediente para a contratación para a subministración de dous vehículos autobombas lixeiros.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 29.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOUE nº S153 (10.08.05), BOE nº 221 (15.09.05), DOG nº 177 (14.09.05) e BOP nº 164 (26.08.05), presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: a) Incipresa, 2) Iturri, 3) Rosenbauer Española S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 3.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe do Servizo de Extinción de Incendios, que foi emitido polo xefe do Servizo con data 7.10.05, proponendo como adxudicataria á empresa Iturri S.A.

En sesión do 24.10.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Iturri, S.A. o suministro de dúas autobombas urbanas lixeiras por un prezo total de 448.910,00. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 06.06.2005 e a oferta presentada.

10(1513).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA PARQUES MUNICIPAIS. EXPTE. 3061/446.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30.05.05 acorda aprobar o expediente de contratación para a adquisición de materiais para parques municipais.

O titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 7.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no BOP nº 159 e no DOG nº 160 de datas 19 e 22 de agosto respectivamente do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Señalizacións Postigo S.A., 2) Manufacturas del Lerez S.L., 3) Tecam BCN Mobiliario y Jardinería S.L., 4) Invernaderos Samil S.L. e 5) Contenur España S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 13.09.05 procedeu á apertura da documentación administrativa presentada, admitindo as propostas: 1) Señalizacións Postigo S.A., 2) Manufacturas del Lerez S.L., 3) BCN Mobiliario y Jardinería S.L. e 4) Contenur España S.L.; excluindo a proposta de Fundición Ductil Benito S.L. por terse presentada fóra do prazo e concedendo un prazo de tres días para subsanación de erros á empresa Invernaderos Samil S.L.

Na reunión do 19.09.05, a Mesa de Contratación procedeu á apertura das ofertas económicas das empresas admitidas sinaladas anteriormente, incluída Invernaderos Samil S.L., que se admite por ter subsanados os erros en prazo, pasándoas a informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, que foi emitido polo enxeñeiro de Montes, Sr. Lage Veiga, o 14.10.05.

A Mesa de Contratación en sesión do 3.10.05 procede á revisión das propostas económicas con variantes presentadas ao concurso, acordando non admitir as ofertas presentada por 1)Manufacturas del Lerez S.L. e 2) Tecam BCN Mobiliario y Jardinería S.L., por mor de que nin no prego de condicións nin no anuncio de licitación permitíase a posibilidade de presentar propostas variantes.

Con data 24.10.05 a Mesa de Contratación, á vista devandito informe do enxeñeiro de Montes, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar o concurso para a subministración de materiais para parques infantís de acordo coa seguinte distribución:

LOTE I:Adxudicar a Manufacturas del Lérez S.L. a subministración de 150 m² de rexilla antivandálica abisagrada, por un importe total de 18.000,00 €

LOTE II: Adxudicar a Contener España S.L. 79 unidades de banco modelo "Ayuntamiento" por un importe total de 14.931,00 €

LOTE III:Declara-lo deserto por non cumprir as ofertas presentadas co esixido no prego de condicións técnicas

LOTE IV: Declara-lo deserto por non se presentar ofertas ó mesmo.

LOTE V: Declara-lo deserto por non se presentar ofertas ó mesmo.

LOTE VI: Adxudicar a Invernaderos Samil S.L. o subministro de 186,916 m³ de cortiza de piñeiro por un importe total de 5.000,00 €

LOTE VII: Adxudicar a Invernaderos Samil S.L. o subministro de 53,571 m³ de formigón por un importe total de 6.000,00 €

LOTE VIII: Adxudicar a Señalizaciones Postigo S.A. a subministración de 7 canastras de baloncesto (nas condicións descritas no Prego de Condicións Técnicas) por un importe de 11.733,40 €

LOTE IX: Adxudicar a Invernaderos Samil S.L. a subministración de 434 tramos de 2 m/l de valado tipo forestal por un importe de 9.982,00 €

LOTE X: Adxudicar a Invernaderos Samil S.L. a subministración de 14 mesas de pedra para Parques Forestais por un importe de 11.970,00 €

LOTE XI: Adxudicar a Invernaderos Samil a subministración de 943 tramos de 2 m/l. de valado de madeira para delimitacións de parques infantis por un importe de 49.979,00 €

Todo o anterior de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 30.05.2005 e as ofertas presentadas.

11(1514).- ORDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REMODELACIÓN EN APARCAMENTOS SUBTERRÁNEOS DA PORTA DO SOL E PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 14714/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación, do 27.10.05, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio e pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 2 de maio de 2005 acordou requirir à Interparking Hispania S.A. para que no prazo de 15 días remita os proxectos de remodelación dos aparcamentos de Praza de Portugal e Porta do Sol de data 12 de setembro de 2002 (redactados polo Enxeñeiro de Camiños D. Luis Antonio Serrano Blanco, Enxeñeiro Industrial D. Antonio Reboreda Martínez, o Arquitecto D. Ramón Reboreda Martínez, e o Enxeñeiro Técnico Industrial D. Luis Durán Ageitos), modificados no senso de contemplar as obras e partidas correspondentes á impermeabilización dos aparcamentos, e visados polo correspondente Colexio oficial, dacordo co informado polo enxeñeiro municipal.

Acordo que consta lle foi notificado á interesada en data 31 de maio de 2005.

SEGUNDO.- A Sociedade Interparking Hispania, S.A. en data 17 de outubro de 2005 remite os proxectos de remodelación dos aparcamentos subterráneos da Porta do Sol e Praza de Portugal redactados polo enxeñeiro de camiños D. Luis Antonio Serrano Blanco e outros técnicos, solicitando se teña por cumprimentado o requerido pola Xunta de Goberno Local no seu acordo de 2 de maio de 2005.

TERCEIRO.- Remitidos os proxectos presentados para informe do enxeñeiro municipal, emítese por este en data 21 de outubro de 2005, estimando que ... os proxectos recollen, en xeral, as obras requeridas no acordo plenario de 25.02.2002, e están visados polos Colexios Oficiais de Arquitectos (data 2/08/2005) e de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (data 19/09/2005), cumprindo coa regulamentación vixente. O prazo de execución das obras, ò non vir definido tal prazo na documentación aportada, estímase como suficiente o de SETE (7) MESES para o de Praza de Portugal e de CINCO (5) MESES para o de Porta del Sol.

CUARTO.- A teor do que antecede e o informado polo técnico municipal, cabe concluir que os proxectos de remodelación dos aparcamentos públicos da Porta do Sol e Praza de Portugal presentados pola concesionaria,

axùstanse às obras requiridas polo Pleno do Concello, podèndose estimar cumprido, aínda que fora de prazo, o requerimento que ó efecto lle foi feito pola Xunta de Goberno Local no pasado mes de maio.

Conseguíntemente, procede ordear à concesionaria a execución das obras de reparación e conservación dos devanditos aparcamentos, consonte os proxectos presentados, nos prazos sinalados no informe do Enxeñeiro Municipal, e baixo a súa inspección e supervisión. Todo isto, en cumprimento dos deberes que lle atinxen à entidade concesionaria xestora do servizo e as facultades recoñecidas a esta administración titular do dominio público, dacordo co previsto nas disposicións normativas de aplicación e ó prego de condicións administrativas polas que se rixe a concesión administrativa outorgada.

QUINTO.- Resulta competente para a adopción do correspondente acordo, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127. 1.f. da Lei 7/85 do RBRL trala modificación operada por Lei 57/ da modernización do Goberno Local.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Ordear á concesionaria Interparking Hispania S.A., a execución das obras de remodelación dos aparcamentos de Praza de Portugal e Porta do Sol, nun prazo de sete (7) e cinco (5) meses respectivamente, dacordo cos proxectos redactados polo Enxeñeiro de Camiños D. Luis Antonio Serrano Blanco, Enxeñeiro Industrial D. Antonio Reboreda Martínez, o Arquitecto D. Ramón Reboreda Martínez, e o Enxeñeiro Técnico Industrial D. Luis Durán Ageitos, e visados polos Colexios Oficiais de Arquitectos en data 2/08/2005 e o de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos en data 19/09/2005.

2º.- Designar ó Enxeñeiro Municipal D. Sergio Gonzalez Prada as funcións inspectoras e supervisoras na execución das obras de remodelación dos devanditos aparcamentos.

3º.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais de Seguridade, Tráfico e Transportes, e Vías e Obras, ós efectos da coordinación e disposición do que proceda respecto á circulación viaria e espazos públicos, como consecuencia da execución das devanditas obras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1515).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE LIMBER MULTISERVICIOS CONSTITUÍDO PARA RESPONDER DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA OBTENCIÓN DE DATOS DO PADRÓN DE LIXO INDUSTRIAL. EXPTE. 908/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 31.10.05 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación do 08.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Limber Multiservicios S.L. a fianza de 2.404,05 euros, constituída para responder ao contrato de “obtención de datos do padrón do lixo industrial, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrer o prazo de garantía.

13(1516).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a TERESA RAMOS SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 304/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 4.11.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Teresa Ramos Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de agosto de 2004, no que expón que o día 15 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, á altura da praza Fernando el Católico, tivo unha caída por mor da existencia dunha louseta situada por debaixo do nivel da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 30/11/2004, no que manifestan que o lugar do accidente se atopa entre os que foron reparados na anterior campaña de reparación de beirarrúas.*
- Proba testifical, con data 21/01/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os feitos alegados pola Sra. Ramos.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.210,22 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 29/03/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste

deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, aínda que no momento da inspección do Servizo de Vías e Obras a beirarrúa atopábase en perfecto estado de conservación, pois fora arranxada, constátase no expediente o deficiente estado da mesma na data do accidente, tanto nas fotografías achegadas pola reclamante como nas declaracións das testemuñas presenciais dos feitos. Tal circunstancia entrañaba un risco especial para os viandantes, xa que o feito de que a louseta atopábase solta non se apreciaba a simple vista, senón ó pisala, tratábase dun defecto oculto, que non era visíbel en circunstancias normáis de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulación. No entanto, a xuízo do Dr. Guillén, manifestado no seu informe médico elaborado a instancias deste Concello, “dado que la lesionada acudíu 3 días despois de la caída al Sanatorio Perpetuo Socorro ... pudo existir cualquier hecho traumático desde la supuesta caída y la fecha de la primera consulta”, polo que, se ben non existe dúbida do feito da caída por mor do mal estado da beirarrúa o día 15 de maio de 2004, non se pode establecer un nexo de causalidade entre os danos padecidos pola Sra. Ramos, obxecto da presente reclamación, e a devandita caída, dado que non existe ningún informe médico de asistencia do mesmo día da caída senón de 3 días despois, e nos días que median entre a caída e a primeira asistencia médica, como fai constar o Dr. Guillén, a reclamante poido padecer calesquera outros feitos traumáticos responsables dos seus danos. Á vista destes datos, a informante conclúe que non existe nexo de causalidade entre os danos padecidos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por dona María Teresa Ramos Sánchez, por non corresponderlle a este Concello a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexo causal entre os danos padecidos e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1517).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ CARLOS DAVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 13926/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 4.11.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Don José Luis Molina Frago, en nome e representación da entidade UTE CONTENUR-OTTO, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de abril de 2005, interpón recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de 4 de abril do mesmo ano, que lle foi notificada o 19 de abril, e na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don José Carlos Davila Garcia, polos danos

sufirdos no seu vehículo ó bater co mesmo un contenedor de lixo e declárase que a responsabilidade dos danos correspóndelle a UTE CONTENUR-OTTO, empresa concesionaria do servizo de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras no termo municipal de Vigo.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- O Sr. Molina alega que impugna a resolución por non ser certos os feitos consignados na mesma., porque non se menciona o tipo de contenedor causante dos danos e porque non existe proba ningunha dos feitos e do alcance dos supostos danos.

No entanto, nas Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local consta o tipo de colector: dos utilizados para a recollida dos residuos sólidos urbanos, de cor verde; constan, así mesmo, os danos producidos ó vehículo e o presuposto de reparación presentado polo reclamante foi contrastado polo Servizo de Parque Móbil deste Concello, que os considera correctos e axustados á descrición dos danos.

Segundo.- O recorrente alega que debería ser desestimada a reclamación polos seguintes motivos: que o día que se refire a denuncia non existiron rachas de vento suficientes como para mover un colector dos instalados pola empresa; a inexistencia de danos ou desfectos en ningún dos colectores instalados pola empresa na zona á que se refire a denuncia e a imposibilidade física de que o colector máis cercano ó lugar no que se di produxose a colisión se houbera desprazado en liña recta hasta colisionar co vehículo do reclamante.

No parte instruído pola Policía Local acréditase que o día do accidente durante toda a mañá as condicións meteorolóxicas foron moi adversas, con fortes ventos e choivas, os axentes actuantes fan constar tamén que o colector presentaba danos nun dos seus vértices superiores, que estaba abollado, e que un dos seus freos estaba roto e o outro non funcionaba. Respecto o dato da imposibilidade física do desprazamento en liña recta do colector, o Sr. Molina non aporta proba ningunha que xustifique este extremo.

Terceiro.- Por último, o sr. Molina alega que as obrigas impostas polo contrato que vincula a Contenur co Concello de Vigo para o subministro, mantemento e reparación de colectores, son concretadas polo Artigo X do Prego de Condicións, que indica que “O servizo de mantemento e reposición de colectores reparará ó seu cargo todas as avarías que se produzan nos mesmos O adxudicatario do servizo deberá proceder a su posta en bo estado, en funcionamento normal, nun prazo máximo de 24 horas a partires da detección”. Dado que, tal e como manifesta a Policía Local no seu parte, o colector presentaba deficiencias (un dos seus freos estaba roto e o outro non funcionaba), con arranxo a este artigo a concesionaria deberá responder polos danos causados por este colector en mal estado, ó non ter procedido a súa substitución.

Cuarto.- Consonte o artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante ó mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o Recurso de Reposición interposto por don José Luis Molina Fragio, en nome e representación da UTE CONTENUR-OTTO, en data 29 de abril de 2005 mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1518).- RECLAMACIÓN DE D^a.M^a JOSÉ CASTRO LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 212/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 25.10.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María José Castro Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de xuño de 2004, no que expón que o día 28 de abril de 2004, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, sufriu unha caída á altura do número 105 por mor dos desperfectos existentes na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de data 28/06 e 16/12/2004, no que manifestan que na data do informe a zona xa se atopaba reparada.*
- *Informe da Policía Local, de data 02/12/2004, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.508,09 euros.*
- *Práctica de proba testifical á testemuña proposta pola Sra. Castro (ó seu fillo), con data 06/05/2005, que confirma os extremos alegados pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 16/06/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente, tanto nas alegacións formuladas pola Sra. Castro en diversos momentos ó longo da instrución do procedemento, como na declaración da testemuña presencial dos feitos, o deficiente estado da beirarrúa da rúa Urzáiz, á altura do nº 105, por mor da falta de varias lousas,. Se temos en conta que cada lousa da beirarrúa mide 20 x 20 cms e que faltaban varias, aínda que non existen fotografías do desperfecto pois este amañoouse no mes seguinte ó da caída, é de supor que non constituía un defecto oculto, senón que sería perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación, e que non entrañaba un risco especial para os viandantes, polo que a informante conclúe que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, procedendo apreciar unha concorrencia de culpas entre esta Administración e a mesma.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona María José Castro Lago, e indemnizála coa cantidade de 754,04 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no seguinte informe.

16(1519).- CORRECCIÓN MATERIAL DUN ERRO DE GRAFÍA EXISTENTE NO PLANO DE PLANIMETRÍA DE VIAIS DO INVENTARIO MUNICIPAIS DE BENS E DEREITOS, GRAFIANDO O RAMAL 2 DO CAMIÑO GÁNDARA. EXPTE. 12006/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 02.11.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Dna. M^a Cristina Estévez Otero, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xaneiro de 1999, solicitou a consideración como camiño público do Camiño Gándara R-2.

Segundo.- A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento e perante a instrucción do mesmo, a Oficina Técnica do Inventario Municipal informa de que o devandito camiño figura incluído na relación de viais do Inventario Municipal de bens e dereitos, aprobado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 3 de maio de 1993, máis non figura grafiado nos planos oficiais de viais do mesmo, se ben si figura grafiado nos planos orixinais que serviron de base para a elaboración dos citados planos oficiais.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, mediante resolución de data 13 de setembro de 2004, acordou aprobar a corrección material dun erro de grafía existente no plano (folla 6-4) da planimetría de viais do Inventario Municipal de bens e dereitos, grafiando o ramal 2 do Camiño Gándara e someter o expediente a información pública perante o prazo dun mes.

Cuarto.- Contra a mencionada resolución, foron formuladas alegacións por dona M^a Cristina Estévez Otero, en data 8 de novembro de 2004, e por don Ricardo José Calvo Tenreiro, en data 15 de febreiro de 2005.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- Entre os medios e facultades establecidos polo Ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas resulta de relevancia a obriga de formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG e 17 RBEL). Consonte o artigo 32 LPAP “as Administracións públicas están obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas par reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que se adiquen o inventario patrimonial incluírá, a lo menos, os bens inmobles e dereitos reais sobre os mesmos” e segundo o artigo 20.g) RBEL o inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura.

Segundo.- Consonte os artigos 278 LALG e 33 RBEL a rectificación do inventario se verificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela reflectiránse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

Terceiro.- O presente expediente de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos ten por obxecto a corrección material dun erro de grafía existente no plano (folla 6-40) da planimetría de viais do Inventario Municipal de bens e dereitos, grafiando o ramal 2 do Camiño Gándara R-2, de titularidade municipal, que consta no Inventario coas seguintes características: orixe no Camiño Gándara e final na finca particular nº 37; cunha lonxitude de 120 m.l e unha sección de 2,00 m.l. e non consta grafiado na devandita folla cartográfica.

Cuarto.- A Sra. Estévez, na 1ª das súas alegacións, limítase a por de manifesto que xa non é propietaria da finca sobre a que discorre o paso tolerado que pretende convertirse en camiño público, que a transmitiu a don Ricardo José Calvo Tenreiro e a dona Isabel Rivas Rodríguez. E na 2ª alegación manifesta que o camiño, nin pola súa titularidade nin polas súas características, pode considerarse camiño público, e que se ben dito paso tolerado iníciase en camiño público non enlaza con ningún outro camiño público, senón cunha propiedade privada, razón pola que o seu uso non ten interese público algún.

Pola súa banda, o Sr. Calvo manifesta na 1ª das súas alegacións que o expediente, por imperativo do artigo 87 e concordantes da LRJAP, caducou por mor da súa paralización por prazos superiores os establecidos pola ley. Na 2ª alegación incide no carácter de paso tolerado e non de camiño público do Camiño Gándara R-2, que transcorre pola súa finca e na alegación 3ª inclúe xurisprudencia que, o seu xuízo, apoia a súa tese.

Ambolos dous reclamantes inciden en cuestións de propiedade que non son obxeto do presente expediente, no que non se discutiu en ningún momento o carácter público do Camiño Gándara R-2, pois así aparece reflectido no Inventario Municipal de bens e dereitos e aínda que non aparece grafiado nos planos oficiais de viais do mesmo, se aparece grafiado na cartografía anterior ó Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado polo acordo plenario de 3 de maio de 1993, en concreto no Plano Lecar do ano 1969 (1/5000).

Con respecto a caducidade do presente procedemento alegada polo Sr. Calvo, hai que ter en conta que o mesmo ten por obxeto a corrección dun erro material na grafía dun camiño nos planos oficiais de viais e consonte o artigo 105.2 da LRJAP “As Administracións públicas poderán, asimesmo, rectificar en cualquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Quinto.- Transcorrido o prazo de información pública e unha vez resoltas as reclamacións presentadas, consonte o artigo 8.2 do RBEL, procede a aprobación definitiva do mencionado acordo de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos.

Sexto.- Resulta competente para a aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal de bens e dereitos a Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.f LBRL).

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“ 1º.- Desestimar as reclamacións formuladas por dona Mª Cristina Estévez Otero, en data 8 de novembro de 2004, e por don Ricardo José Calvo Tenreiro, en data 15 de febreiro de 2005.

2º.- Acordar a corrección material dun erro de grafía existente no plano (folla 6-40) da planimetría de viais do Inventario Municipal de bens e dereitos, grafiando o ramal 2 do Camiño Gándara ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1520).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN ENTRE A PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E A RÚA COUTO. EXPTE. 4625/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 28.10.05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- No 12/04/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

"Primeiro.- Aproba-lo expediente "Obra de Urbanización a realizar entre a praza e a rúa Couto do PERI I-05 de Praza Elíptica", presentado pola "Asociación Administrativa de Cooperación" do PERI, xa adoptado ás esixencias municipais xa citadas (expte. 951/400).

Segundo.- Recoñecer a contribución municipal da contía de 91677,87 €, equivalente a 20,71% dos gastos de urbanización que acarrea as obras complementarias de urbanización, como propietario parcial da parcela na que se empraza o bloque 2 do PERI.

Terceiro.- As contías das contribucións que figuran no presente expediente, consideraranse provisionais, pendentes da liquidación final que se efectuará previa á conclusión da totalidade da urbanización do ámbito do PERI, que precederá á extinción da repetidamente mentada Asociación Administrativa".

2º.- En data 04/10/2005 D. Samuel Gestoso Saborido, en calidade de Presidente da "Asociación administrativa de cooperación del PERI de la Plaza Elíptica" presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a recepción das obras de urbanización executadas entre a Praza de Francisco Fernández del Riego e a r/ Couto. Achegou con dito escrito un certificado de fin de obra asinado no 22/09/2005 polo arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite.

No 17/10/2005 o enxeñeiro director dos servizos técnicos municipais emitiu un Informe no que propuxo a recepción das referidas obras, así como a aprobación da liquidación dos custes pendentes e a disolución da asociación administrativa constituída nese ámbito.

3º.- No 25/10/2005 o Concelleiro-Delegado de Urbanismo, o enxeñeiro director dos servizos técnicos municipais, o arquitecto director das obras e o presidente da asociación administrativa de cooperación outorgaron acta de recepción das obras de urbanización. Na mesma fixeron constar, entroutros extremos, os seguintes:

"(...) Se procedió al reconocimiento de las obras de urbanización del área comprendida entre el vial que une las calles de Fernando Conde y Prolongación del Marqués de Alcedo y la c/ Couto, que no se incluían en la recepción del ámbito del PERI recibidas en marzo de 2002, constando que las mismas se llevaron a cabo según lo recogido en el proyecto que obra en el expediente aprobado por la Junta de Gobierno Local en sesión del día 12 de abril de 2004 y los ajustes impuestos por el estado real de los terrenos circundantes y las atribuciones propias de la dirección facultativa de aquéllas, incluyendo el alumbrado público con acuerdo del servicio municipal correspondiente, comprobándose el adecuado estado de ejecución, salvo existencia de vicios ocultos".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:

"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta

daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".

Consonte co disposto nesa normativa, a Recepción das Obras xa se efectuou co asinamento da Acta de recepción no día 25 de outubro de 2005. A remisión do expediente ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo terá unha mera finalidade de "dación de conta".

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da recepción polo Concello das obras de urbanización executadas entre a Praza de Francisco Fernández del Riego e a r/ Couto, formalizada en Acta do 25/10/2005 (expte. 4625/401).

SEGUNDO: Remitir o expediente á oficina municipal de Servizos Centrais a fin de que efectúe os trámites pertinentes para liquidar os custes da urbanización pendentes.

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo ós servizos municipais de Servizos Centrais, Licenzas, Supervisión de Proxectos, Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Limpeza, Parques e Xardíns, Tráfico e Electromecánicos, así como ás entidades concesionarias de servizos públicos. Notifíquese tamén o seu contido íntegro ós interesados, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1521).- PROXECTO DE CONVENIO DE RECOÑECIMENTO DE EDIFICABILIDADE COA PROPIETARIA DA PARCELA A-17 DO PROXECTO EXPROPIATORIO DA RÚA PEDRO ALVARADO-TEIS. EXPTE. 144/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 28.10.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 27 de maio de 2.002, en base ós feitos e fundamentos de dereito que nel constan, acordou a aprobación definitiva do proxecto de expropiación da rúa Pedro Alvarado en Teis, incluído no Convenio asinado entre esta Administración e a CPTOPV da Xunta de Galicia asinado en data de 30 de febreiro de 2000. Asemade, foron resoltos os recursos de reposición interpostos contra o acordo citado, na sesión de 28 de outubro de 2.002.

O Decreto 271/2002, de 6 de setembro, publicado no DOG nº 182, de 20 de setembro de 2.002, declarou a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Vigo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de ampliación do Camiño de Maceiras (Teis).

Levantáronse as actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados en datas de 24 e 25 de outubro de 2.002.

Procedeuse ó pago dos depósitos previos e ó levantamento das actas de ocupación en data de 29 de outubro de 2.002.

Por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 7 de novembro de 2.002, puxéronse os terreos a disposición da Xunta de Galicia.

En xaneiro de 2.003, a Xerencia Municipal de Urbanismo, remitiu ós expropiados folla de aprecio individualizada para os efectos de convenir por mutuo acordo o xustiprezo na que se lles ofrecía optar pola alternativa "A" consistente no pago do importe da valoración realizada pola Administración ou pola alternativa "B" consistente no recoñecemento da aproveitamento ó estar incluída na parcela dentro dun ámbito de planeamento de desenvolvemento.

No trámite de determinación do xustiprezo, a titular da parcela número A-17, dona Ángela Pereira Conde, non presenta folla de valoración contradictoria á proposta pola Administración.

En data 26.01.04 a XMU remitiu o Xurado provincial de expropiación, expediente orixinal individualizado de determinación de xustiprezo da parcela A-17.

O 4.05.04, dona Ángela Pereira Conde formulou folla de aprecio dos bens e dereitos que se expropiaron. Entre outras cuestións, manifesta a súa conformidade coa subscripción de convenio de determinación do xustiprezo no que se recoñozca o aproveitamento urbanístico derivado da inclusión do terreo expropiado no SUNP V-3.

O escrito presentado foi remitido ó Xurado provincial de expropiacións o 15.06.04.

Segundo o informe técnico incorporado ó expediente (27.10.05), a parcela en cuestión está clasificada no planeamento aprobado inicialmente o 30.12.04 como urbano non consolidado, dentro do APR-A-5-11 cunha edificabilidade bruta de 0,722 m²/c/m² e un aproveitamento tipo de 0,793 m²c/m²s. O PXOM contén a ordenación detallada do ámbito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- I. *Procedencia da formalización de convenio de determinación do xustiprezo.- Os artigos 24 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1.954 e artigos 25 a 27 do Regulamento da devandita Lei aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957, que admiten que o particular, a quen se refira a expropiación, e a Administración beneficiaria conveñan a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo, que pode producirse en calquera momento do expediente ata que o Xurado decida sobre o xustiprezo.*
- II. *Cláusulas do convenio.- Dado o avanzado estado do procedemento de aprobación do instrumento de plan xeral, procede ter en conta a clasificación e calificación urbanística da parcela polo documento en tramitación. Entre as cláusulas do convenio, é necesario salvaguardar o dereito do expropiado á percibir o importe determinado en concepto de xustiprezo, naquel caso que non se poida materializar o aproveitamento que se conserva. Xa que logo, procede incluír unha estipulación na que se fixe un determinado prazo para a aprobación definitiva do planeamento xeral. Noutro caso, sería unha solución posible e perfectamente legal, a de recoñecer o dereito do expropiado/a a percibir a cantidade determinada previamente nas follas de valoración pola Administración ou no seu caso polo Xurado provincial de expropiación en situacións similares.*

- III. *Procedemento para a aprobación e formalización de convenio de determinación de xustiprezo.- De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede o outorgamento dun prazo de audiencia previo ó interesado/a. Con posterioridade, no caso de non presentar observacións que poidan modificar o contido do convenio, procederá a formalización e sinatura do convenio.*
- IV. *Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o órgano que ten atribuída a competencia para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, procede a adopción do presente ACORDO..."

Conclúe o expediente formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar o modelo de convenio de recoñecemento da edificabilidade e de determinación do xustiprezo, que de seguido se transcribe, habilitando ó Sr. Concelleiro delegado de urbanismo para a sinatura do mesmo.

2º.- Remitir o documento de convenio debidamente asinado ó Xurado provincial de Expropiación ó obxecto de entender por desistida de calquera reclamación a dona Ángela Pereira Conde con respecto unicamente a valoración realizada polo Concello do solo a expropiar.

3º.- Contra os precedentes acordos non procede a interposición de recurso ningún por tratarse dun acto de trámite, toda vez de que en caso de que polos expropiados que amosaron a súa preferencia pola opción do convenio non asinen aprobado no dispositivo segundo, continuará a tramitación da fixación do xustiprezo de conformidade co procedemento contradictorio de intercambio de follas de aprecio previsto nos artigos 25 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa.

ANEXO

"(...) CONVENIO DE DETERMINACIÓN DE XUSTIPREZO NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO
.....APROBADO POR ACORDO PLENARIO DE....."

Na Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a dede.....

COMPARECEN

Dunha parte, o Sr. Concelleiro de Urbanismo, don Jose Manuel Figueroa Vila, asistido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, don

Doutra, d/donacon D.N.I., veciña enderezo na rúa

I N T E R V E Ñ E N

O Ilmo. Sr. don Jose Manuel Figueroa Vila, en representación do Concello de Vigo.

D/dona, en condición de titular do dereito de propiedade da finca número.....do proxecto expropiatorio..... Xustifica a propiedade mediante.....

Reúnen, xa que logo, os comparecentes, a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente CONVENIO, de acordo cos seguintes

A N T E C E D E N T E S

I

D/dona manifesta que é titular en plen dominio da seguinte finca:

II

No proxecto expropiatorio figura unha finca a nome decoa seguinte descripción:

DESCRIPCIÓN:

TÍTULO:

INSCRIPCIÓN:

III

No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo do 29 de abril de 1993 (PXOU-93) a parcela anteriormente referida figura clasificada como.....

No documento de Planeamento xeral aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004, clasifícase a parcela do seguinte xeito:

IV

Resulta do máximo interese para esta Administración municipal a rápida adquisición da devandita parcela, para a execución da obra.....

O ámbito no que se ubica a citada parcela trátase dun solo clasificado como

V

A parcela que se convenia está valorada pola oficina de actuacións viarias en€.

VI

A natureza deste convenio ven derivada da necesidade de determinación do xustiprezo por mutuo acordo, previsto no artigo 25 e seguintes do D. 26 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento da lei de expropiación forzosa.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: D.....e o Concello de Vigo acordan por mutuo acordo a determinación do xustiprezo da expropiación da finca descrita no segundo punto dos antecedentes, fixando o mesmo por un importe de€. Mentres non concorran as dúas circunstancias previstas no punto seguinte, o expropiado terá dereito a participar no aproveitamento urbanístico que en execución de planeamento do PERI/UE.....lle poidera corresponder ó Concello.

SEGUNDA: O pago do xustiprezo quedará demorado ata que se den simultaneamente os feitos seguintes: en primeiro lugar, transcurso de catro anos dende a formalización do presente documento e, en segundo lugar, non se dera aprobación definitiva o instrumento de planeamento xeral actualmente en redacción ou que o aproveitamento non fora materializable.

TERCEIRO: Sempre que se dean as circunstancias para o aboamento en metálico do xustiprezo, o suxeito expropiado terá dereito a unha revisión do principal inicialmente determinado, naquel caso que o Xurado provincial de expropiación eleve en circunstancias xurídicas e físicas semellantes o importe do xustiprezo e a resolución sexa firme.

CUARTO: A sinatura do presente convenio ten os efectos previstos para o acto material de pago na Lei de 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa e o regulamento que a desenvolve para o pago (...)"

19(1522).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CLEMENTE POUSA PEREIRA CONSTITUÍDO POLA CONTRATACIÓN DA ACOMETIDA NAS RÚAS CUBA E PARAGUAY. EXPTE. 46668/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 24.10.05, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 25 de maio de 2005, este Departamento, condiciona a autorización obxeto do presente, a constitución dun aval de 1191,40 Euros, polos danos que puideran ocasionarse o patrimonio municipal. Unha vez ingresado o mesmo na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado soliciou a devolución da fianza depositada en data 23/08/05.

O Enxeñeiro Técnico , en data 24/10/2005., reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.

Polo que PROPONSE:

Proceder á devolución da fianza de 1.191,40 Euros , a DOBLADA S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 1.191,40 euros, a DOBLADA S. A., de conformidade co exposto no precedente informe.

20(1523).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CONSTRUCCIONES LAMEIRIÑA MARÍN S.L. CONSTITUÍDA POLA RETIRADA DE DOUS BOLARDOS PARA DESESCOMBRAR NO BAIXO DO EDIFICIO Nº 17 DA R/ PRACER. EXPTE. 37453/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 02.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 15 de abril de 2003, este Departamento, condiciona a autorización obxeto do presente, a constitución dun aval de 1.000 Euros, polos danos que puderan ocasionarse o patrimonio municipal. Unha vez ingresado o mesmo na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado soliciou a devolución da fianza depositada en data 29/09/05.

O Inspector Auxiliar , en data 2/11/2005., reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.

Polo que PROPONSE:

Proceder á cancelación do aval de 1.000 Euros Nº 9340.03.0524450-63, a nome de CONMSTRUCCIONES LAMEIRIÑA MARIN S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 1.000 euros, a CONSTRUCCIONES LAMEIRIÑA MARIN, S. L., de conformidade co exposto no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

21(1524).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO CARBALLAL. EXPTE. 5227-333/2005.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 17.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación das obras de execución da rehabilitación do Polideportivo do Carballal.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 19.10.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 180 (19.09.05) e no BOP nº 181 (20.09.05) presentáronse os seguintes anuncios por fax de envío de propostas: 1) Winterra S.A., 2) Suso Fernández S.L., 3) Construcciones Cardeñoso S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Unión Temporal de Empresas formada por “Construcciones y Contratas Suso Fernández, S.L.” (98%) e “Diseño y Construcciones S.A.” (2%) a execución das obras de rehabilitación do Polideportivo do Carballal por un importe de 173.944,62 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 17.08.2005 e a oferta presentada.

22(1525).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN CUBERTA PISTA POLIDEPORTIVA DE BEADE. EXPTE. 5379-333/2005.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 17.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación das obras de execución da ampliación da cuberta nas pistas de petanca de Beade.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 19.10.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 180 (19.09.05) e no BOP nº 181 (20.09.05) presentáronse as seguintes propostas: 1) Construmad 2012 S.L., 2) Oreco; e os seguintes anuncios por fax de envío de propostas: 3) Oresa S.L. e 4) Suso Fernández S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, acordando iniciar procedemento para determinar a existencia ou non de temeridade na oferta presentada por Oreco S.A.

Con data 29.10.05 a empresa Oreco S.A. presenta escrito no Rexistro Xeral de xustificación da baixa e o 4.11.05 o director técnico do IMD e o aparelador municipal, Sr. Carrera Mouriño, emiten informe ao respecto considerándoa xustificada.

A Mesa de Contratación en sesión do 7.11.05 á vista da devandita documentación, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Oreco, S.A. execución das obras de ampliación da cuberta das pistas polideportivas de Beade por un importe de 22.345,40 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 17.08.2005 e a oferta presentada.

23(1526).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11226/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso da xestión do Servizo de mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo e o informe complementario, asinados polo enxeñeiro industrial municipal, do 27.04.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras, do 25.10.05; visto o informe do interventor xeral, do 24.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 25.10.05, conformado polo enxeñeiro do Servizo de Electromecánicos e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de xestión do servico de mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo, elaborado polo Servico de Electromecánicos.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas, elaborado pola Área de Servicos Xerais, para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso da contratación da xestión do servico de mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo

3º.- Autorizar o gasto de 1.366.286,20 euros para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso para a contratación da xestión do servico de mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo con cargo ás partidas 432.4.213.00.00 e 622.0.213.00.00 do presuposto do 2005..

4º.- Por tratarse dun expediente que comporta un gasto de carácter plurianual, comprometerse a consigna-lo crédito suficiente nos presupostos municipais durante o prazo contractual conforme ó previsto no nº 1 do artigo 174 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais

5º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Así mesmo, a Xunta de Goberno local acorda a tramitación urxente do expediente aos efectos previstos no artigo 71 da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RDL do 2/2000 do 18 de xuño.

24(1527).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO DAS CONCAS VERTENTES AFECTADAS POLA PROLONGACIÓN DO TÚNEL DO AREAL. EXPTE. 11444/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta técnica redactada polo enxeñeiro municipal, de data 11.07.05, e de acordo co informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 14.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modificacións na rede de saneamento das concas vertentes afectadas pola prolongación do túnel do Areal, por importe de 2.365.117,42 Euros, de acordo ca proposta técnica redactada polo Enxeñeiro Municipal D. Sergio González Prada.

2º.- Aprobar a contratación polo procedemento de emerxencia das partidas 1.4 e 1.6 do citado proxecto por un importe de 468.874,53 Euros engadindo unha nova partida a xustificar para a realización de proteccións especiais e excavacións manuais en cruces de servizos existentes, rebaixe de nivel freatico, etc., por un importe de 100.000 Euros, facendo un total de 568.874,53 Euros o que permitirá rematar xá o aliviadero da rúa Colón construído por Augas de Galicia no seu día e poñer o mesmo en servizo, evitando así as inundacións das rúas Colón e do entorno da Praza de Compostela.

Así mesmo, a Xunta de Goberno local, aos efectos previstos no arto 72 da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RDL do 2/2000 do 18 de xuño, acorda a iniciación do expediente de modificación de crédito preciso para o financiamento das obras.

25(1528).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. FLORIDA, AVDA. CASTRELOS E ENTORNO PRAZA AMÉRICA, TRAVESAS. EXPTE. 46590/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da asistencia técnica para a redacción dos proxectos de humanización da avda. Florida, Avda. Castrelos e entorno da Praza América-Travesas, asinado polo enxeñeiro de camiños e xefe de Vías e Obras, do 20.09.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación por procedemento negociado sen publicidade, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 24.10.05; visto o informe xurídico, do 7.11.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 24.10.05,

conformado polo xefe do Servizo de Vías e Obras, o concelleiro da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de “ Redacción dos proxectos de humanización da Avda. Florida, Avda. Castrelos e entorno Prza. de América ” elaborado polo Servizo de Vías e Obras .

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da asistencia técnica para a “ Redacción dos proxectos de humanización da Avda. Florida, Avda. Castrelos e entorno Prza. de América ” para o servizo de Vías e Obras .

3º.- Autorizar o gasto de 29.500,00 euros para a contratación da asistencia técnica para Redacción de ditos proxectos de humanización para o Servizo de Vías e Obras con cargo á partida 5110.611.00.10.

4º.- Iniciar o procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente, solicitando como mínimo tres ofertas .

Así mesmo, a Xunta de Goberno local acorda a tramitación urxente do expediente aos efectos previstos no artigo 71 da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RDL do 2/2000 do 18 de xuño.

26(1529).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORAS DE ACCESO E REXENERACIÓN DO VAO. EXPTE. 3731/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto para a rexeneración do sistema dunar do Vao, redactado pola empresa Novocontorno S.L. e a oficina municipal de supervisión de proxectos, o prego de cláusulas administrativas para a contratación por procedemento negociado de ditas obras, do 14.11.05, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación e o xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, e de acordo co informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, do 27.10.05, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar do proxecto de "Melloras de acceso e rexeneración do Vao", para a súa execución e o prego de condicións administrativas incorporado o mesmo.

2º.- Aprobación do gasto con cargo a partida orzamentaria 4533.601.00.00 , por importe de 74.738,83.-Euros (setenta e catro mil setecentos trinta e oito euros con oitenta e tres céntimos).

3º.- Aprobar a contratación por procedemento negociado as obras a que se refire o presente proxecto e solicitar a presentación de ofertas a tres empresas especializadas.

4º.- Aprobar a cesión da terra, e zavorra da escavación a Comunidade de Montes de Candean que deberá indicar o punto onde debe ser depositada, estando obrigada a solicitar as autorizacións que de ser o caso fosen necesarias.

27(1530).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DO 19.09.05 SOBRE PROXECTO DE INSTALACIÓN DA NOVA REDE DE ABASTECIMENTO DAS RÚAS SAN PAIO DE NAVIA E FONTÁNS. Expte. 46193/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 10.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 19 de setembro de 2005 , a proposta desta Xefatura , adoptou o acordo de aprobación técnica do proxecto " Instalación da nova rede de abastecemento das rúas San Paio de Navia e Fontáns" cun presuposto base de licitación I.V.E: excluído de 312.793,22 €.

Por mor dun erro, a expresada cantidade de 312.793,22 € inclúe o I.V.E., e polo tanto a cantidade que debe figurar como presuposto base de licitación, I.V.E. excluído, é a de 269.649,33 €.

Toda vez que o erro comentado produciuse unicamente na mentada proposta, figurando correctamente na diferente documentación que obra no expediente , propónse realizar a oportuna corrección do acordo adotado pola Xunta de Goberno Local na data mentada.

Acordo

A Xunta de Goberno local decide corrixir o acordo adotado na sesión do 19 de setembro de 2005 do seguinte xeito:

Aprobar tecnicamente o proxecto “Instalación de nova rede de abastecemento das rúas San Paio de Navia e Fontáns” cun presuposto base de licitación IVE excluído de 269.649,33 €

28(1531).- DAR CONTA DE ANULACIÓN DE CONVENIO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día. Examinado o expediente acórdase deixalo pendente ata a próxima sesión que se realice.

29(1532).- PROXECTO DE SANEAMENTO DAS PARROQUIAS DE BEMBRIVE, SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, CORUXO E SAIÁNS. EXPTE. 46914/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de 10.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O Pleno Municipal en sesión de 26.11.01, adxudicou a execución das obras de "Ampliación de infraestructuras de saneamento no rural de Vigo Fases I y II" conformados con fondos europeos.

Dado que a implantación destas infraestructuras realizouse na zoa rural do término municipal, moitos dos colectores discurren por fincas privadas, realizándose a súa execución coa autorización dos propietarios das mesmas, na práctica totalidade das obras.

Deuse o caso de que en determinados colectores, non foi posible recabar as necesarias autorizacións de paso, a pesar da colaboración das asociacións de veciños. Isto deu lugar a que nalgúns casos se desestimara a súa execución, nos que foi posible buscáronse trazados alternativos que non presentaban esta dificultade e noutros quedaron interrompidos tramos nos que a súa execución xa se comezara.

Istos últimos tramos, concretamente nove, sen solución de continuidade, quedaron fora de servicio.

O presente proxecto recolle as obras necesarias para a posta en servicio de istos últimos colectores, conectándoos á rede xeral. Foron añadidas dúas actuacións que se entendían de carácter prioritario, unha delas para dotar de saneamento ó Polideportivo de Lavadores, a outra para eliminar o bombeo do Fragoselo e poder realizar a evacuación por gravidade.

Para a redacción do proxecto foron recollidas as autorizacións de propietarios de fincas afectadas pola traza, recollendo nun anexo de expropiacións todas aquelas fincas nas que non foi posible obter ditas autorizacións.

O presuposto base de licitación IVA excluído ascende á cantidade de: 584.432,96 € CINCOCENTOS OITENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS.

A valoración das expropiacións ascende á cantidade de: 91.136,50 € NOVENTA E UN MIL CINTO TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS.

O que supón unha inversión total IVA excluído de: 675.569,46 € SEISCENTOS SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS.

O Proxecto inclúe o correspondente estudio de Seguridade e Saúde dacordo co art. 17.2 do Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro.

Na súa memoria se fai mención expresa de que o Proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no art. 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o Proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas, urbanísticas e medio ambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Ley de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000 do 16 de xuño.

Polo exposto propónse a esa Xunta de Goberno Local a seguinte proposta

Aprobar técnicaamente o Proxecto cun presuposto base de licitación IVA excluído de: 584.432,96 € (CINCOCENTOS OITENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS), e unha valoración de expropiacións de: 91.136,50 € (NOVENTA E UN MIL CINTO TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS), o que supón unha inversión total IVA excluído de: 675.569,46 € (SEISCENTOS SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1533).- PROXECTOS DE AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO EN ROTEAS-HERMIDA, REPOSICIÓN DE COLECTOR NO CAMIÑO CARINGOSTA, CONEXIÓN DO VERQUIDO NA EDAR DO ZOO DA MADROA E ACTUACIÓN REDE DE SANEAMENTO EN R/ COUTADAS. EXPTE. 46912/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de 4.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Aqualia, empresa concesionaria das xestións dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o presente documento que inclúe distintas actuacións a realizar en determinados puntos das redes de saneamento e abastecemento para dar solución a situacións de deficiente estado do servizo das mesmas ou a implantación de novos tramos por mor das necesidades. Todo iso deriva dunha serie de demandas veciñais ou ben por atopar as deficiencias mentadas durante os labores de inspección e mantemento.

O obxecto do documento é definir e valorar as obras necesarias para a solución adotada en cada caso.

As actuacións se presentan como Memorias valoradas que inclúen documentación suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprenden , de acordo co establecido no artigo 124.2 da LC.A.P.

Inclúen cada unha delas un estudio básico de seguridade e saúde de acordo con artigo 1.627/1997 de 24 de outubro. Todas elas comprenden unha obra completa no senso previsto no artigo 12.7 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas.

O documento inclúe as actuacións cos presupostos que a continuación se indican, I.V.E. excluído:

- Ampliación saneamento en Roteas-Hermida: 263.616,77 €
- Reposición de colector no Camiño Caringosta: 28.781,54 €
- Conexión do verquido da EDAR do ZOO da MADROA: 98.848,53 €

- *Actuación rede saneamento na rúa Coutadas:* 10.869,34 €

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Aprobar tecnicamente o documento de Inversións Pendentes 2005 FASE C que inclúe as obras que a continuación se indican, xunto cos seus correspondentes presupostos , I.V.E. excluído:

- *Ampliación saneamento en Roteas-Hermida:* 263.616,77 €
- *Reposición de colector no Camiño Caringosta:* 28.781,54 €
- *Conexión do verquido na EDAR do ZOO da MADROA:* 98.848,53 €
- *Actuación rede saneamento na rúa Coutadas:* 10.869,34 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1534).- PROXECTOS DE SANEAMENTO R/ MACAL, R/COSTELA-CASAS, URBANIZACIÓN ALTAVISTA, R/ANGEL PEREZ DE LEMA, R/LAGOA-CASTRELOS, PRAIA DE A LAGOA EN TEIS, R/LAGO, R/ ABELEIRA MENENDEZ E R/ECUADOR. EXPTE. 46913/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de 4.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Aqualia, empresa concesionaria das xestións dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o presente documento que inclúe distintas actuacións a realizar en determinados puntos das redes de saneamento e abastecemento para dar solución a situacións de deficiente estado do servizo das mesmas ou a implantación de novos tramos por mor das necesidades. Todo iso deriva dunha serie de demandas veciñais ou ben por atopar as deficiencias mentadas durante os labores de inspección e mantemento.

O obxecto do documento é definir e valorar as obras necesarias para a solución adotada en cada caso.

As actuacións se presentan como Memorias valoradas que inclúen documentación suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprenden , de acordo co establecido no artigo 124.2 da LC.A.P.

Inclúen cada unha delas un estudio básico de seguridade e saúde de acordo con artigo 1.627/1997 de 24 de outubro. Todas elas comprenden unha obra completa no senso previsto no artigo 12.7 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas.

O documento inclúe as actuacións cos presupostos que a continuación se indican, I.V.E. excluído:

- Ampliación saneamento na rúa Macal :	16.823,78 €
- Ampliación saneamento na rúa Costela-Casas:	6.335,88 €
- Mellora abastecemento en Urbanización Altavista:	21.453,08 €
- Instalación tubaría en Ángel Pérez de Lema:	4.051,72 €
- Saneamento na rúa Lagoa-Castrelos:	45.886,44 €
- Saneamento na zona da Praia de A Lagoa en Teis:	99.838,43 €
- Actuación urxente na rúa Lago:	9.736,37 €
- Actuación urxente na rúa Abeleira Menéndez:	29.300,03 €
- Actuación urxente na rúa Ecuador:	32.156,09 €

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o documento de Inversións Pendentes 2005 FASE D que inclúe as obras que a continuación se indican, xunto cos seus correspondentes presupostos , I.V.E. excluído:

- Ampliación saneamento na rúa Macal :	16.823,78 €
- Ampliación saneamento na rúa Costela-Casas:	6.335,88 €
- Mellora abastecemento en Urbanización Altavista:	21.453,08 €
- Instalación tubaría en Ángel Pérez de Lema:	4.051,72 €
- Saneamento na rúa Lagoa-Castrelos:	45.886,44 €
- Saneamento na zona da Praia de A Lagoa en Teis:	99.838,43 €
- Actuación urxente na rúa Lago:	9.736,37 €
- Actuación urxente na rúa Abeleira Menéndez:	29.300,03 €
- Actuación urxente na rúa Ecuador:	32.156,09 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1535).- PROXECTOS COLECTOR NA R/ CAMBESSES. ESTADIO DE BALAÍDOS. EXPTE. 46911/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de 4.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Aqualia, empresa concesionaria das xestións dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o presente documento que inclúe distintas actuacións a realizar en determinados puntos das redes de saneamento e abastecemento para dar solución a situacións de deficiente estado do servizo das mesmas ou a implantación de novos tramos por mor das necesidades. Todo iso deriva dunha serie de demandas veciñais ou ben por atopar as deficiencias mentadas durante os labores de inspección e mantemento.

O obxecto do documento é definir e valorar as obras necesarias para a solución adotada en cada caso. As actuacións se presentan como Memorias valoradas que inclúen documentación suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprenden , de acordo co establecido no artigo 124.2 da LC.A.P.

Inclúen cada unha delas un estudio básico de seguridade e saúde de acordo con artigo 1.627/1997 de 24 de outubro. Todas elas comprenden unha obra completa no senso previsto no artigo 12.7 do Regulamento Xeral de Contratatos das Administracións Públicas.

O documento inclúe as actuacións cos presupostos que a continuación se indican, I.V.E. excluído:

- Colector na rúa Cambeses:	11.507,47 €
- Colector en Sabaxáns:	11.998,29 €
- Eliminación verquidos Estadio de Balaídos:	49.402,76 €

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o documento de Inversións Pendentes 2005 FASE B que inclúe as obras que a continuación se indican, xunto cos seus correspondentes presupostos , I.V.E. excluído:

- Colector na rúa Cambeses:	11.507,47 €
- Colector en Sabaxáns:	11.998,29 €
- Eliminación verquidos Estadio de Balaídos:	49.402,76 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1536).- PROXECTOS DE CAMBIO DE TRAZADO DO COLECTOR GLI-4. ARAGÓN INTERIOR. EXPTE. 46910/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de 4.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Aqualia, empresa concesionaria das xestións dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o presente documento que inclúe distintas actuacións a realizar en determinados puntos das redes de saneamento e abastecemento para dar solución a situacións de deficiente estado do servizo das mesmas ou a implantación de novos tramos por mor das necesidades. Todo iso deriva dunha serie de demandas veciñais ou ben por atopar as deficiencias mentadas durante os labores de inspección e mantemento.

O obxecto do documento é definir e valorar as obras necesarias para a solución adotada en cada caso.

As actuacións se presentan como Memorias valoradas que inclúen documentación suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprenden , de acordo co establecido no artigo 124.2 da LC.A.P.

Inclúen cada unha delas un estudio básico de seguridade e saúde de acordo con artigo 1.627/1997 de 24 de outubro. Todas elas comprenden unha obra completa no senso previsto no artigo 12.7 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas.

O documento inclúe as actuacións cos presupostos que a continuación se indican, I.V.E. excluído:

- Cambio de trazado do Colector GLI-4 en Cañotais: 20.813,51 €
- Substitución tubaría abastecemento na rúa Aragón Interior: 6.412,54 €

Polo exposto, sómétese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o documento de Inversións Pendentes 2005 FASE A que inclúe as obras que a continuación se indican, xunto cos seus correspondentes presupostos , I.V.E. excluído:

- Cambio de trazado do Colector GLI-4 en Cañotais: 20.813,51 €
- Substitución tubaría abastecemento na rúa Aragón Interior: 6.412,54 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1537).- PROXECTOS DE CAMBIO DE TUBERÍAS DE SANEAMENTO NA R/ SAA, DA PARROQUIA DE BEADE. EXPTE. 46915/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de 9.11.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Aqualia, empresa concesionaria da xestión dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o presente proxecto que contempla a substitución das actuais tubarías de saneamento na rúa Saa da Parroquia de Beade.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adotada.

O presuposto base de licitación das obras I.V.E. excluído ascende á cantidade de: 156.479,30 €. CIENTO CINCUENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS.

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte.PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto " CAMBIO DAS TUBARÍAS DE SANEAMENTO NA RÚA SAA DA PARROQUIA DE BEDE " cun presuposto base de licitación I.V.E. excluído de: 156.479,30 €. CIENTO CINCUENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1538).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez